

RESUMO DOS EFECTOS SOBRE A BIODIVERSIDADE DA OCUPACIÓN PARA USO INDUSTRIAL DUNHA PARCELA DE APROX. 366 HA NAS PARROQUIAS DE REMONDE E RAMIL (PALAS DE REI)

O proxecto Greenfiber, encabezado pola empresa portuguesa Altri, pretende ocupar aproximadamente 366 ha para uso industrial no suroeste do concello de Palas de Rei, practicamente limítrofes cos concellos de Santiso e Agolada, segundo consta no proxecto de captación de augas en exposición pública desde o pasado 26 de decembro. Desta superficie, aproximadamente 120 ha corresponden á denominada Finca de Quintas, mentres as restantes ocupan distintas parcelas das parroquias de Ramil e Remonde, até escasos metros do río Ulla.

Cómpre destacar que a parcela considerada de uso industrial linda, pola súa marxe oeste, coa Zona de Especial Conservación ZEC Serra do Careón (espazo Rede Natura 2000, ES1110014). A totalidade das súas 366 ha xa fora contemplada para ampliación da Rede Natura 2000 (Directiva 92/43/CEE) nas propostas que a propia Xunta de Galicia someteu a información pública en 2008 e 2011, seguindo requirimento da Comisión Europea, pero esas propostas nunca se chegaron a concretar. Segundo o visor de conservación da natureza da propia Xunta (mapas.xunta.es/visores/conservaciondanatureza/), contería seis Hábitats naturais de Interese Comunitario (Directiva 92/43/CEE), que ocuparían a totalidade da parcela sen contar a parte da finca de Quintas: matogueiras secas, matogueiras húmidas, megaforbios de chairas, vexetación subestépica, rochedos silíceos con comunidades pioneiras e rochedos silíceos con vexetación casmofítica

Hábitats naturais e seminaturais. No contexto da finca de Quintas, hai máis superficie (absoluta e relativa) de Hábitats de Interese Comunitario na parte de Palas (sen protección) que na de Santiso (ZEC da Rede Natura), destacando case 45 ha de prados seminaturais, de elevado valor ecolóxico polas especies endémicas e ameazadas que contén, non contemplados na cartografía do visor da Xunta. No superficie restante da “parcela de uso industrial” atópanse máis de 75 ha de cultivos forestais (piñeiros e eucaliptos) e case 28 ha de cultivos agrícolas; o resto son hábitats naturais, xa documentados pola Xunta.

Entre ditos hábitats, destacan os afloramentos rochosos silíceos serpentínicos, con comunidades pioneiras que só se atopan aquí e na Capelada, e que conteñen plantas endémicas estritas e globalmente ameazadas, tres delas catalogadas oficialmente en perigo de extinción en Galicia (Decreto 88/2007). Ademais, a comunidade de matogueira seca existente, uceira con toxos da asociación *Ulici europaei-Ericetum scopariae*, tamén é exclusiva a nivel mundial desta área serpentínica, aínda que abundante é ben distribuída.

- Non identificada na cartografía da Xunta de Galicia, encóntrase completamente afectado pola parcela industrial o único sobreiral existente na Ulloa (Hábitat de Interese Comunitario cód. 9330, “sobreirais de *Quercus suber*”), de aproximadamente 1 ha.

- Todo o sector da ZEC Serra do Careón, existente no extremo suroeste de Palas, o denominado Monte de Basadre, podería verse afectado por cambios hidrolóxicos derivados da alteración de recarga dos acuíferos debido á urbanización da parcela de uso industrial, con afeccións moi graves sobre as comunidades vexetais e a flora ameazada

Flora. O maior interese radica en catro especies endémicas estritas, que en todo o mundo só se encontran nestes afloramentos serpentínicos do centro de Galicia. Tres delas están moi localizadas e en declive pola destrución do hábitat, polo que están catalogadas En perigo de extinción en Galicia

(Decreto 88/2007): *Armeria merinoi*, *Leucanthemum gallaecicum* e *Santolina melidensis*. As categorías de ameaza na *Lista Roja de la Flora Vasculare de España* (Moreno, 2011), auspiciada polo Ministerio de Medio Ambiente e seguindo os criterios da IUCN, son En perigo Crítico (*A. merinoi* y *S. melidensis*) e En perigo (*L. gallaecicum*). Unha cuarta especie endémica estricta, *Centaurea gallaecica*, está catalogada Vulnerable en Galicia, mesma categoría que na citada *Lista Roja*.

Todas elas presentan importantes poboacións na superficie afectada pola parcela industrial, mesmo aínda estando sen prospectar a maior parte da finca de Quintas.

Seguindo criterios de endemidade ibérica e categoría de ameaza, o *Libro Rojo de la Flora vascular de España*, editado polo Ministerio de Medio Ambiente en 2003, identifica o territorio das serpentinas de Melide como **Área Moi Importante para a flora ameazada**, baixo o nome Serra do Farelo. Porén, coas especies localizadas nos últimos anos, pasaría a considerarse Area Excepcional, só por detrás doutros tres lugares sobresaíntes da España peninsular: Sierra Nevada, Sierra de Cazorla y Sierra de Gádor.

Ademais, na área afectada encóntranse importantes poboacións doutras plantas moi escasas en Galicia, algunhas das cales mesmo cumprirían os criterios para ser consideradas ameazadas en dito ámbito e que, caso de ser estudadas, poderían constituír taxóns endémicos diferenciados:

- *Koeleria rodriguez-graciae* (descrita en 2014), exclusiva destas serpentinas, do Courel e das serpentinas de Tras-Os-Montes.
- *Armeria langei*, endemismo de certas serras do NW ibérico, nas serpentinas de Melide restrinxida ás zonas máis termófilas próximas ao val do río Ulla.
- *Sagina merinoi*. Endemismo de serpentinas e outras rochas ultrabásicas de Galicia.
- *Alyssum serpyllifolium*, *Seseli montanum* subsp. *peixotoanum*, *Aster aragonensis*, *Noccaea caerulescens*, *Jonopsidium abulense*, entre outras.

Finalmente, na parcela de uso industrial encóntranse as únicas poboacións coñecidas na Ulloa de certas plantas, como a orquídea *Platanthera bifolia* ou a umbelífera *Margotia gummifer*.

Fauna. Na parcela de uso industrial tamén residen poboacións de numerosas especies de animais que están legalmente catalogadas ameazadas en Galicia (Decreto 88/2007). Entre os invertebrados, destacan o caracol *Elona quimperiana* e a volvoreta *Zerynthia rumina*. ambas En perigo de extinción; o caso da volvoreta supón unha poboación illada do resto da súa área de distribución, ligada a súa única planta nutricia, *Aristolochia paucinervis*, que igualmente ten aquí unha poboación illada, única na Ulloa. Tamén se encontra a lesma *Geomalacus maculosus*, catalogada Vulnerable.

En canto aos anfibios, catro especies presentes na “parcela” están listadas na categoría Vulnerable no Catálogo de Especies Ameazadas de Galicia: a salamántiga rabilonga (*Chioglossa lusitanica*), a rela (*Hyla molleri*) e as ras patilonga (*Rana iberica*) e vermella (*Rana temporaria parvipalmata*).

Especial interese ten o grupo das aves, nomeadamente aquelas propias de hábitats abertos, grupo en importante declive en Galicia, España e Europa. Entre elas, dúas catalogadas Vulnerable en Galicia: a tartaraña cincenta (*Circus pygargus*) –ídem a nivel español-, e a gatafornela (*C. cyaneus*). Tamén oito especies avaliadas En Perigo no recente Libro Rojo de las Aves de España (2021), a citada gatafornela máis paspallás, picapeixe, falcón pequeno, lagarteiro, picanzo meridional, papuxa do mato e escribenta amarela, máis outras sete cualificadas Vulnerable. E até 18 especies incluídas no Anexo I da Directiva 2009/147/CE, para as cales é preciso declarar Zonas de Especial Protección, entre as que destaca o peneireiro cincento (*Elanus caeruleus*), única localidade de cría regular en Galicia durante os últimos anos.

En definitiva, unha área de excepcional interese para a conservación da biodiversidade, no só en Galicia, senón no ámbito mundial. A Unión Europea (UE) pretende deter en 2030 a perda de biodiversidade polo importante papel que xoga na propia supervivencia humana e no noso patrimonio natural. Calquera actuación financiada con fondos europeos ten que cumprir o principio DNSH (Do no significant Harm, non ocasionar danos ambientais significativos).

Actuacións como a implantación da celulosa de Altri en Remonde e Ramil (Palas de Rei), aínda sen considerar os efectos que ocasionará no río Ulla por un enorme consumo de agua e máis que probable contaminación, así como os efectos da eucaliptización de todo o centro de Galicia (coa perda de biodiversidade, deterioro paisaxístico e ameaza de lumes catastróficos que levaría asociado), afectaría moi gravemente ao estado de saúde ambiental da Ulloa, e camiñaría en contra dos obxectivos na materia da UE. Suporía un dano irreparable no lugar máis importante do patrimonio natural ulloán

Máis información: Revista *Cairón* 6 (2022), páxinas 13-27 (<http://ieu.gal/cairon-boletin-ieu/>).

